



BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CREACIÓN DO CARTEL DE "INNOVART 2024"

Con motivo da segunda celebración de Innovart como evento para a promoción das ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas que se imparten en Galicia e que terá lugar os días 18 e 19 de abril na Cidade da Cultura de Galicia; a Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura Educación, Formación Profesional e Universidades convoca un concurso de creación do seu cartel.

OBXECTO DO CONCURSO:

O obxecto do concurso é a realización do cartel para InnovArt 2024.

O cartel que resulte gañador poderá ser utilizado pola Xunta de Galicia na conmemoración de InnovArt, así como para calquera outra acción ou accións de sensibilización, valoración e promoción das Ensinanzas de Réxime Especial.

BASES DO CONCURSO:

1. Participantes.

1.1 Poderán participar no concurso as persoas que estean a cursar ensinanzas artísticas superiores de Deseño ou de ciclos formativos das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño nalgunha das catro escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2 Os traballos poderán realizarse individualmente ou en grupo.

2. Temática, características técnicas e requisitos dos traballos

2.1 O cartel de InnovArt 2024 debe servir para a difusión e promoción das ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas de réxime especial e incluír obrigatoriamente o elemento textual "InnovArt 2024" ou "InnovArt 24". Calquera outro elemento textual deberá ser en lingua galega.

2.2 Os traballos deberán presentarse en formato vectorial garantindo que o elemento textual "InnovArt 24" ou "InnovArt 2024" sexa diferenciado e independente do resto de elementos do cartel. O cartel deberá presentarse igualmente en formato pdf segundo o indicado no apartado 4 das presentes bases.





2.3 A imaxe gráfica do cartel deberá permitir a adaptabilidade a diferentes formatos e medios, así como garantir a posterior reprodución e impresión física e/ou dixital tanto do traballo no seu conxunto como dos elementos que o constitúen.

2.4 O traballo no seu conxunto, deberá ser orixinal e inédito, non poderá incluír imaxes con dereitos de autoría e non poderán empregar imaxes ou nomes que identifiquen marcas comerciais ou persoas recoñecidas no ámbito público.

2.5 A imaxe gráfica presentada non poderá incluír en ningún caso o nome do/da autor/a ou autores/autoras nin o nome do centro educativo, así como calquera outra referencia que permita identificar a súa autoría, sen prexuízo que posteriormente ao fallo do xurado, se poidan incluír os títulos de crédito que se consideren.

2.6 As propostas que se preparen deberán incorporar a marca principal da Xunta de Galicia e estar en consonancia coas súas normas de uso, dispoñibles en xunta.gal/identidade-corporativa/. Respectarase, sobre todo, a paleta cromática e a tipografía institucional. Deste xeito, o cartel deberá incluír, de xeito preferente, a tipografía Xunta Sans.

2.7 Os traballos que non cumpran as características técnicas e os requisitos previstos nestas bases quedarán excluídos do concurso.

3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 1 de marzo incluído.

4. Forma de envío dos traballos

Cada escola de arte e superior de deseño presentará o conxunto de traballos propostos polo seu alumnado do seguinte xeito:

Achegará mediante sede electrónica a solicitude de participación, a modo de listaxe de alumnado participante indicando para cada proposta nome e apelidos e DNI da/s persoa/s aspirante/s, así como curso e ensinanzas que está/n a cursar.

Asemade, para cada proposta remitirá mediante enlace <https://xuntarquivos.xunta.gal> ao correo electrónico asesoria.ea@edu.xunta.gal:

a) Datos identificativos de cada cartel: nome e apelidos, DNI, ensinanzas e curso do/s autor/es da proposta (documento en pdf).

b) Cartel en formato electrónico (jpg ou pdf)





c) Documentos técnicos dixitais completos en formato vectorial que permitan a reprodución e o uso da imaxe presentada tanto do traballo no seu conxunto como dos elementos que o constitúen, incluíndo o elemento textual "InnovArt 24" ou "InnovArt 2024"

5. Criterios de valoración

Para a selección do traballo gañador teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

- a.- A transmisión dunha imaxe promocional unificada para as diferentes ensinanzas de réxime especial (artísticas, idiomas e deportivas).
- b.- A adecuación da mensaxe e imaxe ao evento de promoción InnovArt 2024.
- c.- A calidade técnica e plástica e a orixinalidade da imaxe.
- d.- A versatilidade e adaptabilidade da imaxe a implantación en diferentes medios e formas promocionais.

6. Xurado

6.1 Para o ditame dos premios establecerase un xurado formado por:

- Presidencia: Persoa titular da Dirección xeral de formación profesional, ou persoa en quen delegue.
- Vicepresidencia: Persoa titular da Subdirección xeral de aprendizaxe permanente, ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas, ou persoa en quen delegue.
- Vogalías: Xefa/xefe do servizo Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe permanente, dous vogalías de entre os funcionarias ou funcionarios do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente.
- Secretaría: Unha funcionaria ou funcionario da Subdirección xeral de aprendizaxe permanente, ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas, que actuará con voz pero sen voto

Para a composición do xurado, terase en conta o cumprimento do artigo 152 da Lei 7/2023 do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia; procurando que a diferenza entre os membros de ambos os sexos non exceda de un se o número de membros que hai que designar é impar.

6.2 Para asegurar a máxima imparcialidade, os membros con voto do xurado non coñecerán a identidade das persoas e centros educativos participantes no concurso. A Secretaría de dito xurado fará chegar os traballos presentados e custodiará a documentación que identifique ó centro e ás persoas autoras das obras ata que se resolva o concurso.





6.3 Para que o xurado se constituía e poida celebrar as sesións correspondentes precisárase quórum da maioría das persoas que o integran.

6.4 Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas asistentes e en caso de empate decidirá o voto da presidencia.

6.5 O ditame do xurado será inapelable, tendo ademais as facultades de interpretar as bases e determinar as normas do seu funcionamento, así como de declaralo deserto, de ser o caso.

7. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a aceptación íntegra e incondicional destas bases.

8. Cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición

8.1 A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición das imaxes gráficas creadas na forma e medios que sexa preciso para calquera outra acción ou accións de valoración e/ou promoción e difusión das ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas.

8.2 O deseño premiado será susceptible de ser a imaxe institucional de InnovArt 2024, podendo ser tamén utilizado en calquera outro evento ou publicación, facendo constar sempre a orixe do traballo, polo que a Xunta de Galicia resérvase a facultade de inserir os logos que sexan necesarios, así como de realizar calquera tipo de modificación ou variación dos elementos do deseño gráfico.

8.3 As persoas participantes serán os responsables últimos de garantir o pleno respecto da normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

8.4 En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente. Edificio Administrativo San Caetano, s/nº 15781 Santiago de Compostela, ou no enderezo de correo electrónico sereap@edu.xunta.gal

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

